



## CONCELLO DE CHANTADA

### INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO PARA O PROXECTO DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2023 Artigo 168.1.g) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

En cumprimento do disposto no artigo 168.1.g) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítense este informe económico e financeiro sobre o proxecto de Orzamento Xeral de 2023.

O informe ten por obxecto, tal e como prevé a normativa citada, a exposición das bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos, e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

#### **Primeiro. - Bases utilizadas para a avaliación dos ingresos previstos no Orzamento Xeral 2023**

Os ingresos que se prevén para o exercicio 2023 calcularonse tendo en conta os seguintes aspectos:

- O importe previsto para o próximo ano, como Participación das Entidades Locais nos Tributos Estatais dacordo co establecido na lexislación de facendas locais e o Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia.
- Os datos que se reflicten na execución do Orzamento Xeral do exercicio 2022.
- Os incrementos ou diminución de tipos de gravame, tarifas e prezos públicos aprobados para o exercicio 2023, como a rebaixa do imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana e a actualización das tarifas do prezo público da piscina, establecemnto do prezo público polo servizo madrugadores, etc.
- Os compromisos firmes de achega doutras Entidades para financiar conxuntamente co Concello, Programas, actividades ou proxectos, como o Plan Único da Deputación de Lugo , o Fondo de Compensación ambiental ,convenios asinados e subvencions concedidas.

#### CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

---

- Por último, aínda que non sexa un método obxectivo, as estimacións derivadas do rendemento habitual do resto dos recursos que dependen de factores alleos a calquera avaliación.

Contempláanse no capítulo de ingresos a cantidade prevista de **7.438.788,00** €.

**Os impostos directos sobre bens inmobles**, no que se refire a bens de natureza urbana importa 1.512.728,60 € , sube un pouco respecto o ano 2022 debido ao maior padrón no 2022 pola actualización catastral levada a cabo , no que se refire a natureza rústica 106.132,06 € sube un pouco pola actualización catastral e o de características especiais 204.849,37 o mesmo do ano anterior .

**O imposto sobre vehículos de tracción mecánica** importa 372.108,21 € , sube un 1% con respecto ao ano anterior segundo padrón aprobado do 2022.

**O imposto sobre actividades económicas** que importa 381.942,54 €, estando previsto o padrón municipal do IAE , a participación no de Peares , así coma as cotas nacionais e provinciais do mesmo.

**O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana** importa 44.700 € xa ingresados pola Deputación de Lugo .

**O imposto sobre construcións, instalacións e obras** que se cifra en 85.000,00€, maior ao do 2022 pola recadación no 2.022.

**O Capítulo terceiro de taxas e outros ingresos** que se cifra en 721.659,58 €, as estimacións teñen en conta a recadación do ano 2022 por diferentes taxas, un pouco superior ao orzamentado no 2022 principalmente polo aumento na recadación do prezo público do SAF por maior servizo de horas, pola actualización das tarefas do prezo público da piscina e tamén pola previsión do prezo público polo servizo “madrugadores”.

A cantidade consignada en cada un dos distintos conceptos calcúlase principalmente tendo en conta o importe dos dereitos recoñecidos en cada un deles e deducidos da execución do orzamento do 2022.

No **capítulo carto de transferencias correntes** que importa 3.314.227,58 €, aumenta a participación nos tributos do Estado e as transferencias da xunta de Galicia para dependencia . O resto basicamente se reflicten as axudas que se veñen percibindo de modo continuado e habitual durante todos os anos como son o Plan Concertado da Xunta de Galicia para Traballadores Sociais (50.445,00 €) , axuda a promoción da igualdade a entidades locais( programa CIM 43.504,00 € ) , programa de educación e apoio familiar (16.468,00 € ) , axente de emprego e

---

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

---

desenvolvemento local AEDL (11.765,86 € ) e tamén da Deputación de Lugo para axuda no fogar , sen ter en conta outras que probablemente concedan pero que se integrarán a través das correspondentes modificacións de crédito por xeración de crédito.

O Fondo de Cooperación da Xunta de Galicia mantense nos 387.242,40 €, a espera da liquidación definitiva do 2021.

Prevense uns **ingresos patrimoniais do capítulo quinto** de 9.900 € o mesmo que no 2.022 ao quedar deserto a concesión da cafetería da piscina.

No **capítulo sete de transferencias de capital** que importa 685.540,06 € , se reflicte ao Fondo de Compensación Ambiental da Xunta por importe de 49.000,00 € , o AGADER para camiños municipais por importe de 63.000,00 € , o Plan Único da Deputación de Lugo para inversións por importe de 326.000,00 € , o convenio para rehabilitación de edificio para biblioteca por importe de 190.000,00 € e a subvención plurianual en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciada polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE por importe de 57.540,06 € .

No seu conxunto o proxecto de **Orzamento Xeral para 2023 aumenta en 701.156 € un 10,4 %** respecto a 2022.

### **Segundo. - Bases para o cálculo das operacións de crédito previstas no Orzamento.**

---

Nas previsións do Orzamento Xeral deste exercicio non se prevé recorrer a operacións de empréstito ou crédito.

### **Terceiro. - Suficiencia dos créditos do Estado de Gastos para atender as obrigas.**

---

A cuantificación dos créditos orzamentarios realízase partindo das seguintes premisas:

- Contemplase unha subida do 3,5% das retribucións no sector público, no cadro de persoal aplicase o 2,5 % e na aplicación 920-130.02 o 1% restante pendente da evolución do PIB e do IPC. Tamén se contempla a aprobación da relación de postos de traballo e a súa consignación orzamentaria na mesma aplicación.

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



Cod. Validación: MIP-G22ZSWZRTD299N6NFYMSA7 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



## CONCELLO DE CHANTADA

---

- Os compromisos adquiridos con terceiros mediante contratos, convenios, pactos ou acordos.
- Anualidades de proxectos de gasto de carácter plurianual vixentes.
- Créditos necesarios para dar cobertura orzamentaria aos novos proxectos de investimento que se pretenden iniciar no exercicio 2023.
- Créditos necesarios para o mantemento do gasto corrente que implican os servizos e áreas de gasto existentes no concello

### **A. Por razón de débedas esixibles.**

No proxecto do Orzamento Xeral consígnanse cantidades que se consideran, en principio, suficientes para a atención das obrigas que ten asumidas esta Corporación e das que se ten coñecemento.

### **B. Por razón dos gastos de funcionamento dos servizos e outros gastos.**

A consignación para os gastos do funcionamento dos servizos considérase en principio axeitada. Non obstante, deberase ter en conta o seguinte en relación co orzamento xeral para este exercicio:

- O capítulo 1º de gastos, que recolle os de persoal, tense orzamentado de acordo co cadro de persoal e coas retribucións que lles corresponde. Dótanse tamén os créditos necesarios, tanto en pago de retribucións como en custo da Seguridade Social do Concello, correspondentes ás prazas vacantes que non son amortizadas do cadro de persoal. Este capítulo e as súas previsións están debidamente fundamentados no anexo de persoal que acompaña ao presente Orzamento.
- Contemplase unha posible subida do 0,5 % nas cotización na seguridade social da empresa.
- O capítulo 2º recolle as dotacións para gastos correntes e servizos, e na súa estimación, tivéronse en conta os gastos realizados para as mesmas finalidades no exercicio 2023. Á súa vez tratouse de reducir outros créditos non imprescindibles para o normal desenvolvemento das funcións que corresponden a este Concello. En todo caso, inclúense os gastos correntes que se estiman necesarios para o funcionamento normal dos servizos mínimos e obrigatorios do concello, así como aqueles que ven desenvolvendo nos últimos anos.
- No capítulo 3ª, recóllese os intereses para posibles sentenzas de persoal e do préstamo a longo prazo solicitado para a LMTS do polígono industrial.

---

## CONCELLO DE CHANTADA





## CONCELLO DE CHANTADA

---

- No capítulo 4º recóllense as transferencias correntes que se prevén realizar as cales modifícanse bastante en canto as subvención nominativas para actividades culturais e deportivas.

### **Cuarto. - Medidas adoptadas para a efectiva nivelación do Orzamento.**

---

Non se require a adopción de medidas distintas ás recollidas nas Bases de Execución. O Proxecto de Orzamento Xeral preséntase sen déficit inicial. O Proxecto garante polo tanto o **cumprimento** do principio de Nivelación Orzamentaria.

### **Quinto. - O gasto en investimentos e o seu financiamento.**

---

No anexo de investimentos que se elaborou contémplase a realización dos programas incluídos no Capítulo VI "Inversións Reais", que totalizan 947.540,08 € os cales se financian en parte polo Concello 262.000,00 € , parte co Plan Único da Deputación de Lugo 326.000,00 € , e pola comunidade autónoma 359.540,06 €.

Chantada, na data da sinatura electrónica no 2023.

O ALCALDE ,  
A/ Manuel L. Varela Rodriguez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 Lugo. Tfno. 982440011. Fax: 982462102 concello@concellodechantada.org



Cod. Validación: MIP-G22ZSWZRTD299N6NFYMSA7 | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5